

Unha nova ollada á represión franquista en Galicia: motivacións e extracción social dos represores. O caso de Arzúa

DANIEL LANERO TÁBOAS

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O obxectivo deste traballo é realizar unha aproximación novidosa ó estudo da represión franquista en Galicia. Trátase de pescudar nas posibles motivacións que subxaceron trala implicación de persoas individuais e de certos sectores sociais nas diferentes formas ou modalidades represivas. Poñerase en relación a implicación na represión e, bastante máis en xeral, o apoio ó golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 en Arzúa (A Coruña) con diferentes factores, como: a defensa dunha determinada forma de entender a realidade (cosmovisión), dunha “Vella Orde” (social, política, cultural...); a pertenza a unhas redes –particulares e ben asentadas– de relacións sociais (familiares, clientelares, de amizade...) ou as posibilidades de mellora social que para algúns individuos e as súas familias ofreceu a nova conxuntura política na fase de protoinstitucionalización da dictadura franquista.

Palabras clave: represión franquista, represores, redes sociais, cosmovisións, ascenso social.

ABSTRACT

The aim of this article is to provide a novel approach for the study of Francoist repression in Galicia. It is based on studying the motivations of individuals and given social groups taking part in the different forms in which repression took form. Involvement in repression and in more general terms support for the coup d'état in Arzúa (A Coruña) will be linked with different factors, such as: the defence of a given form of comprehending the world (world view); the “Old Order” (in social, political and cultural terms); the belonging to social networks (family ties, clientelism, friendship...) or the chances of social improvement that for some individuals and their families opened the new political situation of the first institutionalization of the Franco dictatorship.

Keywords: francoist repression, repressors, social networks, mental representations, social promotion.

El Estado se compromete a incorporar la juventud combatiente a los puestos de trabajo, honor o de mando, a los que tienen derecho como españoles y que han conquistado como héroes.

Declaración XVI do “Fuero del Trabajo” (8/3/1938).

INTRODUCCIÓN

Até o de agora, os traballos que abordaron o estudo da represión franquista en Galicia téñense caracterizado, con algunha excepción, por un predominio asoballador dos elementos descritivos. Tanto polo que fai ós feitos (identificación e contabilización das vítimas da represión –en particular da represión física– narración de episodios represivos concretos, reconstrución haxiográfica da biografía dalgúns dos represaliados, nomeadamente de aqueles cunha implicación política máis visible antes de xullo de 1936...) como das fontes (reproducción masiva e indiscriminada de Causas da xurisdicción militar e de testemuños orais...). Así, a análise e a interpretación teórica das respectivas modalidades represivas, da súa funcionalidade social e política na institucionalización do “Nuevo Estado” franquista, ou o seu “valor” simbólico foron, en xeral, deixadas de lado.¹

Unha ausencia moi destacada, detectable en case que tódolos traballos, é a dos represores. Na miña opinión, non é posible levar a cabo ningún estudo global ou sistemático da represión franquista en Galicia, ou no resto do Estado, sen ter en conta o papel desenvolvido polos represores. A historiografía galega debería decidirse a seguir dunha vez por todas o camiño trazado por outras historiografías nacionais e plantexarse a necesidade inexcusable de contar cunha “Historia dos represores”.² Non é que os represores

-
- 1 No panorama historiográfico galego constitúen unha excepción ó respecto: X. Prada Rodríguez, *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia*, Ourense, 2003; “As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización”, *Minus*, VI, 1998, pp. 99-115; X. Prada Rodríguez e R. Soutelo Vázquez: “Antropoloxía da memoria: representación simbólica e función social das construcións míticas relativas á represión franquista”, en *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*, Santiago, 1997, Tomo I, pp. 631 - 651; A. Cabana Iglesia: “A memoria tolleita. As pegadas da represión franquista na memoria rural galega”, *GRIAL*, nº 170, 2006, pp. 36-43.
 - 2 Un bo exemplo son os estudos (autóctonos ou non) sobre a Alemaña nazi. Ch.R. Browning, *Aquellos homes grises. El Batallón 101 y la Solución final en Polonia*, Barcelona, 2002; R. Gellatley, *La Gestapo y la sociedad alemana. La política racial nazi (1933-1945)*, Barcelona, 2003; *No sólo Hitler. La Alemania nazi entre la coacción y el consenso*, Barcelona, 2002; A. Lüdkte: “The Appeal of Exterminating Others; German Workers and the Limits of Resistance”, en M. Geyer e J.M. Boyer (eds.), *Resistance against the Third Reich 1933-1945*, Chicago, 1993; “De los héroes de la resistencia a los coautores. ‘Alltagsgeschichte’ en Alemania”, *Ayer*, nº 19, 1995, pp. 49 - 69; O. Bartov, *Germany’s War and the Holocaust*, Londres, 2003; D.J. Goldhagen, *Los verdugos voluntarios e Hitler. Los alemanes corrientes y el holocausto*, Madrid, 1997; Ph. Burrin, *Francia bajo la ocupación nazi*, Barcelona, 2003. Para o caso galego, unhas notas metodolóxicas tan breves como valiosas en X.M. Núñez Seixas: “Violencia política e represión en Galicia da II República á posguerra: algunhas reflexións históricas”, en *VVAA, V e VI Xornadas Semanas Galegas da Historia. Morte e Sociedade no Noroeste peninsular/ Un recorrido pola Galicia cotián*, Santiago, 1998, pp. 229 - 231.

estén por completo ausentes dos traballos de investigación e daqueles outros divulgativos, pero a súa presenza redúcese case sempre a un mero xuízo moral denigratorio, baseado na brutalidade e maldade das súas accións, as cales adoitan tamén ser descritas (en particular as que teñen que ver co exercicio dos diferentes graos de violencia física) dun xeito “anecdótico”, no que resulta moi frecuente mesturar o relato do feito en si mesmo cos elementos míticos dos que a memoria comunitaria da represión o foi revestindo co paso do tempo.

Nembargantes pouco ou nada sabemos na meirande parte dos episodios represivos narrados e dos ámbitos xeográficos estudados sobre quen foron os represores no caso galego. Poderase argumentar que neste ou neste outro caso sábese con certeza da implicación de membros da Falanxe local ou da dunha localidade veciña, das diferentes milicias paramilitares de extrema dereita que agromaron a partir do golpe de Estado, ou da dos mandos e números da Garda Civil do posto local. Pero case nada coñecemos sobre quen eran dende unha perspectiva socioprofesional os represores, cales eran as identidades políticas e culturais que podían compartir, cal a súa particular visión da realidade e do mundo no que lles tocou vivir, como funcionaban as súas redes de relacións sociais, entendidas nun sentido amplo (de parentesco, de amizade, de veciñanza, de lealdade ou adhesión política de tipo persoal...). Todos estes factores teñen que ser considerados á hora de interpretar por que razóns individuos que poderían ser sen dificultades conceptualizados como “xente corrente” ou “xente normal” se viron implicados activamente neste tipo de comportamento colectivo (as prácticas represivas).

Que “racionalidade” había detrás da comisión de asasinatos, dos malos tratos físicos e psíquicos, da delación doutros membros da aldea, da parroquia ou da vila; da marxinação social e comunitaria de determinados individuos, da “aceptación” ou da “pasividade” dun grande número de persoas ante este tipo de prácticas...³

Antes de continuar cara adiante cómpre advertir ós lectores que non atoparán aquí especulacións ou explicacións aventuradas, senón o máis fundamentadas que a información disponible o permita, sobre as motivacións ou razóns que subxacen a determinados comportamentos familiares, grupais e individuais. Non me considero en condicións, nin penso que sexa o cometido dos historiadores, de vulgar ou explicar os rasgos da psique dalgunhas das persoas das que aquí se falará, nin de poñelos en relación con algunha das súas actuacións concretas.

Unha “Historia dos represores”, para o estudo da represión franquista no concello de Arzúa, e probablemente para o de moitos outros casos en Galicia, podería artellarse atendendo a tres liñas mestras. En primeiro lugar, interpretando o apoio de sectores sociais máis ou menos amplos á sublevación militar do 18 de xullo de 1936, e a posterior participación directa de individuos procedentes deles nas diversas modalidades represivas,

3 Sobre a práctica da delación na sociedade galega do primeiro franquismo contamos cun recente traballo, M^a V. Martínez Rodríguez e A. Rodríguez Gallardo, “Nuestros ciudadanos corrientes. La delación como forma de selección represiva en el primer franquismo”, en *VI Encuentro de Investigadores sobre el franquismo*, Zaragoza, 2006, pp. 940-962.

como unha reacción defensiva, de defensa dunha “Vella Orde” (social, política, cultural, simbólica...) e dos seus valores (dun xeito destacado, pero non só, dos relacionados coas prácticas relixiosas e cun determinado concepto de propiedade dos bens) ante o temor de que a II República e os seus evidentes adiantos na socialización política dos individuos (o espallamento da “política de masas” e da democracia) puxeran en dúbida os principios da súa cosmovisión, da súa interpretación do mundo. A defensa desta “Vella Orde” foi practicada en moitas ocasións –xa durante o mesmo período republicano– por medio de diferentes manifestacións de violencia política. Nesta mesma liña interpretativa, cómpre situar á represión franquista.

En segundo lugar, e en directa relación co anterior, faise imprescindible, para cada caso de “microhistoria local” analizado, estudar de que xeito funcionaron as redes de relacións sociais nas que se atopaban inseridos os represores, así como as posibles identidades políticas e culturais que estes compartían, tanto no proceso de construción das “tramas civís” locais que deron soporte ó golpe de Estado (nun primeiro momento), como no exercicio da represión (nunha segunda fase). Dito doutro xeito, que papel xogaron as relacións políticas clientelares, os intereses económicos compartidos, as relacións de amizade e de parentesco ou os hábitos de sociabilidade na conformación desa “trama civil” de apoio a unha “solución” golpista no caso de Arzúa? Que grupos da sociedade arzuá formaban parte dos apoios á unha “solución” violenta ós retos plantexados polos gobernos republicanos de centro - esquerda? Que elementos, dentro destes grupos, se implicaron directamente no exercicio da represión e, en particular, das súas modalidades físicas (paseos ou sacas, detencións irregulares, malos tratos físicos...)? Que relación mantiñan os adherentes á asonada militar en Arzúa con outros grupos análogos doutras vilas e, moi especialmente, da moi achegada cidade de Santiago de Compostela? Eran orixinarios do concello, ou procedían doutros lugares os grupos e individuos que se involucraron na represión física en Arzúa?⁴

A última das posibles vías de abordaxe dos “motivos dos represores” condúcenos cara á análise das “expectativas” que para certas persoas ou familias tivo a súa implicación (máis ou menos directa) na represión franquista. O franquismo, moito máis aló da participación na represión durante a Guerra civil e nos anos da posguerra, foi, para moitos individuos e para algúns sectores da poboación que expresaron o seu consentimento para coa dictadura, un “réxime das oportunidades”; de expectativas e posibilidades reais de mellora ou progreso persoal (enriquecemento material, acceso a postos nos diversos chanzos da administración pública, disfrute privilexiado duns recursos socialmente moi limitados, mudanzas a mellor no plano do status social...).

4 En relación moi estreita coas dúas primeiras liñas metodolóxicas plantexadas, probablemente a investigación de maior calado e repercusión realizada até o de agora no contexto da historiografía española sexa: J.Ugarte Tellería, *La nueva Covadonga insurgente. Orígenes sociales y culturales de la sublevación de 1936 en Navarra y el País Vasco*, Madrid, 1998. Para o caso galego continua a ser de utilidade o traballo xa clásico de J.A. Durán, *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana (Rianxo 1910-1914)*, Madrid, 1972.

Estes son só tres dos posibles camiños a través dos que plantexar unha análise dos comportamentos dos represores durante a Guerra civil e o primeiro franquismo. Dadas as condicións deste texto, constitúen aquí máis unha proposta de actuación, unha axenda persoal de traballo –que tal vez poida ser compartida parcialmente por outros investigadores– ca uns resultados de investigación conclusivos e ben definidos. Aínda así, penso que será posible presentar algunha primeira achega en relación cun “estudo de caso” particular, o do concello de Arzúa, e que, malia ter en conta os tres campos de pescuda xa enunciados, centrarase no que poderíamos calificar como “expectativas de mellora persoal vencelladas ó apoio ó golpe de Estado e/ou á participación nas prácticas represivas”.

O APOIO SOCIAL Á SUBLEVACIÓN MILITAR EN ARZÚA

O espazo político da dereita durante a etapa republicana foi dominado con claridade en Arzúa pola Unión Regional de Derechas (URD), formación rexional galega encadrada na estatal Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA). Entre os dirixentes do “partido de masas” da dereita católica española en Arzúa, predominaban os profesionais liberais (en especial os relacionados co dereito), seguidos polos grandes propietarios fundiarios e por varios destacados representantes da pequena (ou xa non tanto) burguesía de comerciantes e industriais da vila. Algunhas das persoas que figuran en abril de 1932 entre os fundadores da URD - CEDA arzuá, constituirán un claro exemplo da continuidade das elites políticas da dereita entre o réxime republicano e o “Nuevo Estado” franquista, en especial nas fases de protoinstitucionalización que seguen ó golpe de Estado nos territorios baixo control dos militares rebeldes.⁵

A estes perfís socioprofesionais respóstaban por exemplo o fidalgo e gran propietario de terras da parroquia de Viladavil, Ángel Botana Sieiro, quen, malia ás súas supostas veleidades tradicionalistas, estivo afiliado a FE y de las JONS tralo golpe e mesmo semella ocupou por un tempo a xefatura local. Ou Jesús Rodríguez Sexto, secretario do xulgado municipal e destacado dirixente falanxista (chegou a ser xefe local) despois do “alzamiento”. Por último, o avogado arzuán César Rodríguez Carril, que foi un membro recorrente das primeiras corporacións municipais da dictadura, como “subdelegado” no primeiro “consejo municipal” constituído no concello despois do triunfo do golpe, en concreto o 10/9/1936, e como 1º tenente de alcalde da “comisión gestora” investida na sesión do pleno de 26/10/1936.

A URD local non deixara de funcionar, nembargantes, durante os anos republicanos, como un clásico agrupamento de “personalidades” ou notables locais, que no caso de Arzúa se movera en torno do deputado en Cortes (1933 - 36) Eduardo O’ Shea y Verdes

5 Sobre a URD en Arzúa, ver D. Lanero Táboas, *Os remendos da memoria. A represión franquista no concello de Arzúa (1936-1950)*, Santiago, 2006, pp. 55 - 66. Para a organización no conxunto de Galicia, E. Grandío Seoane, *Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931 - 1936)*, Sada, 1998.

Montenegro, quen xa obtivera acta polo distrito nos tempos da monarquía. Aínda así, o trasvase de antigos membros da URD - CEDA cara a Falange primeiro e ó Partido Único (FET y de las JONS) despois, realizouse con facilidade, se cadra grazas ás estreitas relacións que antes do levantamento existiran entre a URD arzuá e as Juventudes de Acción Popular (JAP) da localidade.⁶

Precisamente as JAP foran fundadas en Arzúa durante 1936, por delegación da organización compostelá, e estaban presididas polo controvertido médico municipal Castor Casas Sánchez. A organización debeu acadar certa presenza na vila xa dende a súa fundación, a xulgar por algúns enfrontamentos (liortas) que tiveron lugar entre mozos adscritos ás xuventudes das organizacións políticas da dereita e da esquerda local en diferentes festas e romarías. Despois do 18 de xullo, as Milicias da Juventud de Acción Popular experimentaron un significativo incremento no número de compoñentes, varios dos cales se alistaron voluntariamente e marcharon ás fronteas de combate. A correspondencia de saída mantida dende o concello entre comezos de agosto e o remate de 1936 dá conta de até cinco comunicacións do secretario municipal ós xefes das milicias armadas das JAP de Valladolid e Salamanca, cursando reclamacións dos pais ou nais dos mesmos no sentido de que fosen reintegrados ós fogares familiares, pois estes mozos –probablemente menores de idade– non foran autorizados polos seus proxenitores a abandonar a casa e unirse ás milicias japistas. Sen dúbida, para moitos mozos de Arzúa e do mundo rural galego, enrolarse no exército rebelde ou nas milicias armadas da extrema dereita tivo un grande atractivo, pois dáballes a posibilidade de coñecer mundo e de vivir novas experiencias, de, en definitiva, sentirse máis libres. O primeiro oficio (13/10/1936) que atopamos no caso de Arzúa neste sentido é ben expresivo:

Habiendo acudido en instancia a mi autoridad Manuel Novo Duro, vecino de la parroquia de Santa María de Arzúa, en súplica de que sea reintegrado a su domicilio a su hijo José Novo Gil, de dieciocho años, que sin autorización alguna se ausentó del domicilio paterno, teniendo convencimiento, según manifiesta, de que se halla en el cuartel de milicias de la JAP en esa capital, ruega a usted se digne disponer que dicho menor sea reintegrado al domicilio paterno.⁷

Outra das evidencias documentais da vitalidade das milicias da JAP en Arzúa está nun oficio (2/12/1936) enviado polo secretario do concello, Antonio Martínez Altesor,

6 As xuventudes da URD propiamente ditas eran as JURD (Juventudes de la Unión Regional de Derechas), que non foron organizadas en moitos dos concellos con agrupación da URD. As JAP van estar en moitos lugares moi achegadas á URD, e é moi posible que algúns dos seus compoñentes fosen fillos de afiliados ó partido da dereita católica. Contra o fin da II República, moitos “japistas” experimentaron unha radicalización política que os foi achegando á órbita falanxista. Non semella que este fora o caso de Arzúa, onde os conflitos pola hegemonía política foron frecuentes entre JAP e FE y de las JONS nos primeiros meses tralo “alzamiento”.

7 Os referidos oficios en Arquivo Municipal de Arzúa (en adiante AMA), Caixa 47. Escribanía - Secretaría - Rexistro Xeral. Libros Rexistro de saída de documentos (1935-1942).

ó xefe local das milicias japistas arzuás no que se lle solicita que nomee a catro ou cinco mozos da organización local para que constitúan no concello a “Junta” destinada á recoillida de víveres e donativos para o exército e as milicias armadas.⁸

Entre os apoios sociais ó levantamento militar en Arzúa tamén figuraron, aínda que nunha proporción aparentemente moito máis reducida, os tradicionalistas. A presenza do carlismo na vida política local durante a II República apenas deixou pegadas, e semella expresarse máis ben a través de adscricións ou simpatías individuais, e escasamente formalizadas, que da constitución ou continuidade dunha organización estable.⁹ O ideario tradicionalista callara entre algúns mestres rurais, como Daniel Vallo García, da parroquia de Burres, quen formará parte das primeiras “comisiones gestoras” do concello xa dende o verán de 1936, acadando mesmo o cargo de 3º tenente de alcalde na sesión do pleno do 26/10/1936. O carlismo tamén mantiña unha certa presenza, que dificultaba a vontade de expansión de Falange, no lugar do Couto:

Sin embargo no Couto había un maestro que era requeté, eu recordo que había cartas que mandaba aquí o xefe de Falanxe, de aquí de Arzúa, mandábaas a Coruña, e dicía que Falanxe no Couto non tiña nada que facer porque a publicidade que facía o maestro en favor dos requetés, que era todo o mundo requeté alí, ¿non? Sería o único sitio así donde funcionaba, alí no Couto.¹⁰

Algúns mozos arzuáns, como Julio Costoya García (18), primoxénito do influínte comerciante e presidente da URD local no momento da súa fundación, Ricardo Costoya, enroláronse na milicia armada carlista, o requeté, e partiron para a fronte:¹¹

¡Ay!, sí que iban, porque en los requetés Julio Costoya (...) Pues eso es de lo que me acuerdo yo que pasaban por Lugo y me dijeron: `¡Ay, mira, va Julio Costoya!´ y yo fui corriendo donde estaban los coches parados para verlo, como era de Arzúa y sí, se iba para el frente.¹²

Un tratamento pomenorizado neste texto require a agrupación local arzuá de Falange Española y de las JONS, en especial atendendo á implicación dalgúns dos seus membros, e doutros individuos vencellados a ela en diferente medida, nas prácticas represivas. Ademais, a militancia en FE y de las JONS, especialmente no caso dos “camisas viejas”

8 Oficio (2/12/1936), en AMA, Caixa 47. Escribanía - Secretaría - Rexistro Xeral. Libros Rexistro de saída de documentos (1935-1942).

9 A seguinte declaración dunha fonte oral reforza esta interpretación: “No había competencia entre Falange y Tradicionalismo, aunque el carlismo era propio de Galicia, País Vasco y Cataluña, Falange tenía mucha más presencia por la novedad, por hacerse ver más (...) Había requetés y también falangistas. Había muchos requetés también, pero bueno, menos, más falangistas”. Entrevista a X, Arzúa, 12/8/2005.

10 Entrevista a Ramón Torreiro González, Arzúa, 27/11/2004.

11 As referencias á idade dos individuos expresaranse sempre entre paréntese, ex.: (18).

12 Entrevista a X, Arzúa, 16/10/2004.

da vila e no das súas familias, demostrouse como un aval de garantías para obter beneficios materiais e desfrutar de cargos político - administrativos segundo o novo réxime se ía institucionalizando na escala local. A relevancia de FE y de las JONS no concello durante os últimos anos da II República foi, como no resto do país, bastante pequena, malia ser unha das primeiras agrupacións locais do partido creadas na provincia. A solicitude de inscrición da Falange arzuá no rexistro de asociacións do Goberno civil da Coruña leva data de 10/8/1935 e está asinada por dous veciños da vila, Jesús González e Juan Raposo Lamas. A agrupación de FE y de las JONS de Arzúa estaba dirixida, como acontecía no conxunto das formacións políticas arzuanas do período, por diferentes familias que poderían ser incluídas no seo das clases medias vilegas. Apelidos como Varela, Varela Ramos, Raposo Lamas, Rilo Rey, Fernández Rúa, Villar Villar, Rodríguez Sesto, Torres ou Castro... remiten a compoñentes destacados do partido en Arzúa (máis en concreto na vila). Nas vindeiras liñas probaremos a trazar algúns perfís que nos permitan captar quen eran e a quen representaban socialmente os militantes arzuás no falanxismo.

Comezaremos por un dos fundadores, Juan Raposo Lamas, e pola súa familia. Os Raposo Lamas eran unha familia de clase media acomodada da vila. O cabeza de familia, Ramón Raposo Rivadulla, de 60 anos en 1936, era, segundo o padrón de habitantes de 1930, de “celador de telégrafos”. Os ingresos familiares completábanse co producido por unha fonda e co xenerado polo cultivo de varias leiras e a cría dalgunhas vacas. Casado con Carme Lamas (56), o matrimonio tivera oito fillos: Ascensión (30), Juan (26), Luis (24), Rafael (falecido), Concepción (20), Román (18), Mercedes (16) e Carmen (14). Rafael morreu en outubro de 1934 cando contaba arredor de 20 anos e facía o servizo militar en Lugo. No contexto da “Revolución de Asturias” foi mobilizado e enviado a zona en conflito, onde faleceu, sendo soterrado nunha fosa común. Se cadra este feito, xunto coa súa fonda relixiosidade –unha das fillas era monxa– fixo evolucionar o posicionamento político dalgúns membros da familia Raposo Lamas (que simpatizaba abertamente co catolicismo de dereitas representado pola URD/CEDA) cara a opcións políticas máis radicais. Tres dos irmáns, Luis, Román e Juan alistáronse no exército “nacional” e marcharon á fronte, os dous últimos foron activos militantes (e dirixentes) da Falange local e existen indicios (testemuños orais) de que tamén se involucraron nas diversas formas de represión exercidas sobre dirixentes e simpatizantes dos partidos e sindicatos locais do centro - esquerda. Volveremos máis adiante á familia Raposo - Lamas, en concreto cando tentemos aproximarnos ó universo cultural, simbólico e ós valores compartidos por certos sectores da sociedade arzuá durante a II República e a Guerra civil.¹³

Pola súa banda, Jesús Rodríguez Sesto, de 47 anos de idade en 1936, era secretario do xulgado municipal e oficial do rexistro da propiedade. Era fillo de Jesús Rodríguez Ramos, un curial (subalterno dos tribunais de xustiza) que baixo o réxime da Restauración

13 As informacións sobre a familia Raposo Lamas foron elaboradas a partir de: Padrón municipal de habitantes, Ayuntamiento de Arzúa. Año 1930, en AMA, Caixa 128. Poboación: padróns, censos e estatísticas. Padróns e rectificacións de padróns de habitantes (1930 - 1935), así como: Entrevista a X, Arzúa, 12/2/2005.

simpatizara abertamente co Partido conservador e despois co maurismo. Jesús Rodríguez Sesto, como boa parte dos profesionais do dereito da Arzúa republicana, incluído o seu superior, o xuíz de instrucción Antonio Villar Rodríguez, militaba na URD local, militancia que semella conservou até polo menos o estalido da guerra, pasando máis adiante a engrosar as ringleiras da Falange local, da que chegou a ser xefe. Semella que nos meses finais do réxime republicano, nos que, certamente, a tensión da vida política local fora in crescendo, Jesús Rodríguez Sesto estivo detido na cadea municipal durante varios días, como consecuencia dun enfrontamento co alcalde Juan Manuel Vidal García, ó que Rodríguez Sesto, que era membro da xunta electoral local, acusara de “secuestrar” varias urnas durante as eleccións a Cortes do 16/2/1936 co fin de manipular o escrutinio. Un informante, pertencente a esta familia, chegou a comentar que, naqueles anos: “en casa había de vez en cuando armas, había que defenderse”.¹⁴

Non contamos con tantas informacións sobre os restantes membros (coñecidos por nós) da agrupación local de FE y de las JONS. Jesús Villar Villar, quen ocupou en diferentes períodos o posto de xefe local e que (segundo a fonte oral) xogou un papel determinante na dirección das accións represivas, era propietario dunha taberna (“bodegón”) na Rúa do Norte (despois da Victoria) dende alomenos 1937, o mesmo ano no que é nomeado concelleiro (sesión do 17/6/1937). Francisco Rilo Rey, mestre nacional, primeiro na parroquia de Rendal e despois en Viladavil, e propietario dunha pensión, era o xefe local de Falange nos meses posteriores ó golpe de Estado, e tal vez cando este tivo lugar. Luis Varela Ramos, 31 anos en 1936, completou durante a II República un brusco xiro na súa traxectoria política que o levou dende a secretaría do Partido Republicano Radical Socialista (PRRS) local até o seu ingreso en Falange, onde chegou a xefe comarcal, cargo que compaxinaba co de 1º tenente de alcalde dende xuño de 1937. Luis Varela era empregado do xulgado e do concello e fillo dun dos máis destacados comerciantes da vila, Ramón Varela Sesto (63), de orientación dereitista, propietario dunha ferretería/ultramarinos e quinto máximo contribuínte do concello en 1935 e ex-alcalde (1905). Outro falanxista, Manuel Fernández Rúa (56), inmigrante retornado de Cuba e importante propietario fundiario na vila e en varias das parroquias, foi alcalde de Arzúa durante a guerra (1937 - 38) e nos anos da posguerra (1944 - 45).

A carón dos principais dirixentes locais habería toda unha serie de mozos de familias máis ou menos acomodadas da vila que se achegaron a Falange, aparte de por compartir un discurso de clase semellante, polo atractivo da novidade (moito máis estética que ideolóxica) que esta representaba, e tamén pola súa retórica da mobilización, da acción. Entre eles podemos sinalar a Antoñito Altesor, fillo do secretario do concello, o “moderado” Antonio Martínez Altesor; Miguel Torres, Antoñito Varela Agra (34), dependente no comercio de tecidos do seu tío Luis Agra...

Aínda que a implantación de Falange era máis significativa na vila, tamén contaba con varias familias adeptas nalgunha das parroquias rurais. Parece que nesta situación se

14 Entrevista a X. Arzúa, 12/8/2006.

atopaban os Formoso, unha familia de pequenos propietarios da parroquia de Bures, na que algún dos fillos varóns, de 38, 33, 18 e 16 anos en 1936 militou en FE y de las JONS. Un exemplo parello represéntano os Camba, da parroquia de Pantiñoobre. O cabeza de familia, Ramón Camba Villar, propietario de 57 anos, figura no sesaxésimo lugar na relación de maiores contribuíntes do concello en 1935. Ó parecer Ramón Camba estivera detido na cadea municipal nalgún momento do período republicano. Algúns dos seus fillos varóns, de 30, 18 e 16 anos respectivamente en 1936 engrosaron as ringleiras da Falange local. Outra destas familias, da que non podemos dar co seu “solar” arzuán serían os Donicio. Segundo un informante, estes mozos falanxistas das parroquias rurais terían actuado como “protectores” de sacerdotes rurais acosados por “elementos das esquerdas”.

Por debaixo destes sectores das clases medias comerciais vilegas ou de casas labregas abastadas, atopamos a auténticos “matóns”, entre os que destaca o célebre, Manuel García García (30), coñecido polo expresivo alcume de “burra preñada”, membro dunha familia de labregos pequenos propietarios do lugar de Ribadiso (parroquia de Rendal), que foi un dos “campións” da represión física no concello.¹⁵ O seu caso podería moi ben representar a algúns dos homes, executores de ordes emanadas de máis enriba, do que unha das nosas fontes comentou:

Aquí había cuatro o seis falangistas, a sueldo, con sueldo (...), porque no eran falangistas ni eran nada, era gente ignorante, que no sabía leer ni escribir, de esos que andaban haciendo leña por las casas y... jornaleros¹⁶

Aínda que non contamos con datos precisos, a finais do verán de 1936, a agrupación local de FE y de las JONS en Arzúa, non debía superar en moito os trinta individuos, dos que a meirande parte serían ó tempo milicianos, tal e como informa un oficio do secretario do concello remitido ó Gobernador civil da provincia a mediados de setembro, no que se indicaba que a instrución das milicias de Falange, baixo a xefatura de Francisco Rilo, facíase con regularidade, e que estas contaban con vinteseite fusís e coa munición correspondente.¹⁷

15 A reconstrución parcial da composición da Falange local de Arzúa foi posible grazas á combinación de varias fontes: Padrón de habitantes. Ayuntamiento de Arzúa. Año de 1930, en AMA. Caixa 128 Poboación. Padróns, censos e estatísticas. Padróns e rectificacións de padróns de habitantes (1930-1935); Repartimiento por el concepto de rústica. Ayuntamiento de Arzúa. Año de 1931 e Repartimiento por el concepto de rústica. Ayuntamiento de Arzúa. Año de 1936, ámbolos dous en AMA. Caixa 430. Rendas e impostos. Repartimentos da contribución territorial imposta á riqueza rústica (1931 - 1938); Libro de actas de sesións do concello (do 26/10/1935 ó 6/2/1938), en AMA. Caixa 8. Gobierno - Concello, Pleno. Libros de actas capitulares ou do pleno (1931-1952); Arquivo do Reino de Galicia (ARG). Fondo Gobierno civil: Asociacións profesionais, sindicais e partidos políticos. De A Baña a Boqueixón (1931-1936), L - 1792. Respecto do emprego que das fontes orais se fixo neste traballo, ver D. Lanero, op. cit, pp.19-42.

16 Entrevista a X, Arzúa, 16/10/2004.

17 Oficio (15/9/1936) e Oficio (16/9/1936), en AMA, Caixa 47. Escribanía - Secretaría - Rexistro Xeral. Libros Rexistro de saída de documentos (1935-1942).

Estes sectores da poboación arzuá que apoiaron abertamente o “alzamiento nacional”, e que aquí definimos principalmente a partir da súa adscrición política e do seu perfil socioprofesional, estaban inseridos en redes de relacións sociais moito máis amplas, superadoras da escala local, e que xogaron o seu papel tanto na preparación do golpe de Estado como nas primeiras fases do establecemento do novo poder.¹⁸ Malia que aínda non é posible contar con moitas informacións, é posible tentar unha reconstrucción parcial das redes de relacións persoais, políticas e sociais que funcionaban en Arzúa antes e despois do 18/7/1936. A que mellor coñecemos é aquela da que formaban parte diferentes membros da dereita católica local, e da que eran figuras de referencia persoais como Eduardo O’ Shea y Verdes Montenegro, José María Méndez Gil Brandón, Felipe Gil Casares, ou Juan Gil Armada, XII Marqués de Figueroa. A URD - CEDA do distrito xirara durante a II República en torno da personalidade de E. O’Shea (1876 - 1962), un aristócrata madrileño cuxa familia materna tiña raíces en Cospeito. O’ Shea militara sempre –até a II República– dentro da facción ciervista do Partido conservador, e antes de 1931 obtivera acta en dúas lexislaturas polo distrito arzuán, en 1919-20 e 1920-23. Despois de ocupar a Subsecretaría de Estado de Fomento no derradeiro goberno da dictadura de Primo de Rivera, en 1933 reaparece en Arzúa e no contexto provincial coruñés, ó sairen electo deputado como independente da dereita. Jesús Rodríguez Sesto, entre outros, era un dos seus apoderados electorais na vila.¹⁹

Aparte do deputado “cuneiro”, numerosas personalidades da dereita católica compostelana tiñan influencia e extendían as súas redes clientelares en Arzúa. Este é o caso do xurista e cadeirán de dereito civil da Universidade de Santiago, Felipe Gil Casares (1877 - 1953), quen se deu de alta como avogado no concello, segundo as listas da contribución industrial, no ano 1928. Gil Casares fora o derradeiro alcalde da monarquía en Compostela (1930 - 1931) e deputado da URD - CEDA pola provincia da Coruña na lexislatura 1933 - 36, sendo tamén electo deputado polas minorías nas eleccións de febreiro de 1936. Tralo golpe de Estado foi nomeado reitor da Universidade de Santiago, cargo dende o que participou activamente na represión do maxisterio republicano, tamén do arzuán. Pola súa banda, José M^a Méndez Gil Brandón foi tamén deputado da URD - CEDA pola provincia coruñesa en dúas ocasións, na lexislatura 1933 - 36 e despois das eleccións de febreiro do 36. É probable que Juan Gil Armada (1900 - 1981) poida ser incluído neste mesmo círculo católico, aínda que algo máis achegado ó Bloque Nacional de Calvo Sotelo. Trátase dunha personaxe moi relevante na vida social de Compostela

18 Sobre o concepto de “redes” de relacións sociais e de poder e o seu funcionamento, ver: X.R. Veiga Alonso, “Relaciones sociales y redes de poder: algunos aspectos teóricos y conceptuales”, en VVAA, *Investigación e Innovación (1954 - 2004), 50 anos da Escola de Formación de Profesorado de Lugo*, Santiago, 2004, pp. 381-393; “Reflexións sobre o clientelismo político na Galicia do século XIX”, *GRIAL*, nº 141, pp. 133-149; G. Gribaudi, “La metáfora delle rete. Individuo e contesto sociale”, *Meridiana*, nº 15, 1992, pp. 91-108.

19 Unha breve nota biográfica de Eduardo O’ Shea y Verdes Montenegro en X. R. Barreiro Fernández (coord. xeral), *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)*, 2. vols, Santiago de Compostela, 2001, p. 461 (vol 1).

(presidente da “Real Sociedad Económica de Amigos del País” ou da “Archicofradía del Apóstol Santiago”), chegou a ser alcalde na posguerra, o que pon de manifesto a total confianza que lles inspiraba ás autoridades políticas do “Nuevo Estado” franquista. Outra das figuras senlleiras tanto na expansión da organización a Arzúa como na supervisión do funcionamento da agrupación local, foi José M^a Bustamente Urrutia, bibliotecario da Universidade e propietario rústico en Arzúa, onde a súa familia posuía o pazo das Barrozas, na parroquia de Sta María. José M^a Bustamante e o seu irmán Jesús participaron na fundación do partido en Arzúa e o primeiro fixera o propio en Santiago, onde presidira o 13/11/1931 a xuntanza fundacional da URD local, en realidade unha modificación das siglas da preexistente Acción Nacional.²⁰

Probablemente, no artellamento desta rede de relacións sociais entre Arzúa e Santiago xogara un papel importante a existencia dunha identidade profesional compartida en torno ó mundo do dereito e ós seus espacios de sociabilidade, dado o predominio deste tipo de adicación tanto entre os dirixentes composteláns (fortemente vencellados á facultade de dereito) como arzuáns.

Bastantes máis dificultades presenta calquera intento por reedificar as redes de relacións sociais existentes entre a Falange santiagouesa e a organización do partido en Arzúa. Nembargantes, sabemos da existencia e da vitalidade destas relacións despois do golpe de Estado, en especial polo que fai á “colaboración” mutua nas accións represivas. A cuadrilla de falanxistas de Santiago encabezada polo procurador dos tribunais Solla actuou con frecuencia na comarca de Arzúa. Segundo algúns testemuños estivo implicada na saca e posterior asasinato de Juan Manuel Vidal, alcalde (de Izquierda Republicana) de Arzúa, na detención, na parroquia de Vilantime, e posterior asasinato, do editor e alcalde de Compostela, Anxel Casal ou no paseo do ilustrador galeguista Camilo Díaz Baliño, quen estivera detido na cadea arzuá, e que foi paseado no cercano concello de Palas de Rei.²¹ Algúns dos máis relevantes falanxistas locais, como os mencionados irmáns Raposo, contaban con fortes vencellos familiares na cidade do apóstolo, onde residían e rexían unha afamada fábrica de chocolate varios dos seus curmáns. Pola súa banda, as relacións entre as JAP santiagoesas, presididas por Nicandro Pérez Vázquez, e a organización arzuana foron sempre fluidas, tanto nos tempos nos que o seu presidente era Castor Casas Sánchez como cando colleu o mando o xa ancián propietario da vila Ramón Eiras Pérez. De feito, a constitución das JAP primeiro, e das súas milicias máis adiante, nos concellos dos arredores de Santiago, semella ter xurdido da iniciativa da propia organización compostelana. A maiores, outros destacados japistas composteláns, como os irmáns Harguindey Harguindey (Juan, quen chegou a ser o seu presidente, Jacobo e Salvador) mantiñan contacto con outros mozos da extrema dereita local arzuá.²²

20 Ver D. Lanero, *op.cit.*, pp. 56 e 58, e E. Grandío, *op.cit.*, pp. 26 e 71.

21 Entrevista a X, Arzúa, 12/8/2005.

22 O japista Juan Harguindey Harguindey foi tamén concelleiro na primeira “comisión gestora” (31/12/1936) compostelana despois da sublevación militar.

Un aspecto no que entrarei, aínda que sexa só dun xeito superficial, é na análise dalgúns dos valores e ideas que conformaban a cosmovisión destes grupos e familias da sociedade arzuá que fixeron seu o levantamento do exército e se sumaron con entusiasmo ás tarefas patrocinadas polas novas autoridades militares (dende a mobilización voluntaria no exército até a participación nas accións represivas, pasando pola recollida de víveres ou a confección de roupa para os soldados). As informacións ofrecidas por membros de destacadas familias da dereita arzuana de entón, poden servirmos de guía.

Do relato de certas experiencias familiares podería deducirse que tanto na vila como nas parroquias os católicos practicantes vivirían nunha situación de permanente tensión emocional e sufrirían acotío o acoso das autoridades políticas, até o punto de que a práctica relixiosa teríase convertido nunha especie de forma de resistencia civil case que circunscrita ó ámbito do privado:

En San Esteban del Campo profanaron la iglesia. Las catequistas eran amenazadas con anónimos. Había una sensación de pánico (...) A las tres de la tarde, todas las familias católicas decían en sus casas: `Sagrado Corazón de Jesús, en tí confío`²³

Esta percepción de ameaza sobre un elemento central da vida e da visión do mundo dunhas familias militantes na dereita católica local, viría provocada pola asimilación que fixeron de determinadas políticas públicas, en concreto, do contido dos artigos da constitución republicana de 1931 que regulaban as manifestacións públicas relixiosas ou daquelas outras medidas gobernamentais encamiñadas a obter unha progresiva laicización do ensino público:

“No se podía decir `Viva Cristo Rey`, estaban prohibidas las procesiones y no se podía llevar el crucifijo al cementerio (...) Quitaron los crucifijos de las escuelas”²⁴ ou: “D. Luis, el maestro, nos dijo: `puede ser la última vez que besé al Cristo`.”²⁵

Na memoria dalgunhas destas persoas, manifestacións de anticlericalismo de baixa intensidade vividas en Arzúa durante os anos republicanos, como as molestias causadas por mozos da localidade a algúns párrocos, a aparición esporádica de pintadas nas rúas ou nas paredes de casas particulares e igrexas, mestúranse con episodios significativos de violencia anticlerical que se deron noutras rexións do Estado e nos que, dun modo ou outro, víronse involucradas persoas coñecidas. É o caso da experiencia da familia Raposo Lamas, que tiña unha filla monxa, Sor María Teresa (30), que vivía nunha comunidade relixiosa en Viso del Marqués (Ciudad Real). A correspondencia cruzada entre a relixiosa e os seus pais na primavera de 1931 permite aproximarse á situación de desacougo e tensión familiar pola que atravesaban:

23 Entrevista a X, Arzúa, 12/2/2005.

24 Ibídem.

25 Entrevista a X, Arzúa, 12/8/2005.

Querida hija: por la prensa sabemos que en Madrid han sido incendiados varios conventos y expulsados sus moradores y en previsión de lo que pueda acontecer será conveniente tener trajes para que en un caso de esa magnitud podáis salir como señoritas (...) Supongo que en pueblos pequeños como ese nada habrá y eso nos tranquiliza, pues no es lo mismo como en las ciudades donde hay esas grandes masas obreras que después de fogosos discursos se lanzan como fieras sobre quien les molesta sus avanzadas ideas....²⁶

Yo pido al Señor que si tiene dispuesto que salgamos apuradamente sea de día y no como las pobres mercedarias de Lora del Río, que le han ido a poner fuego al convento a las doce de la noche y las de Málaga lo han tenido que abandonar a las doce y media (...) lo han saqueado causando grandes destrozos, no han dejado ni un cristal ni una moldura, sobre todo en la iglesia lo han ido demoliendo todo con piquetas, las imágenes las tiraban de los altares al suelo y las llevaban arrastro hasta unas hogueras que habían formado en la calle (...) Dios perdone a tantos desalmados y no mande sobre España los castigos que merece por tantos sacrilegios cometidos.²⁷

A una hermana mía monja en Ciudad Real, en Viso del Marqués, le quemaron el convento durante la Guerra. También recuerdo que quemaron un convento en Toro.²⁸

É probable que esta experiencia familiar, xunto coa recepción de noticias semellantes a través da radio e da prensa madrileña ou da local galega, levara a proxectar acontecementos producidos noutras localidades, ou mesmo rexións, sobre a realidade cotiá do concello. Aínda así, non semella que a corporación republicana de Arzúa fora especialmente belixerante neste sentido ou permitira actos fóra da lei. De feito, unha sesión do pleno de 4/6/1936 acordaba, significativamente, declarar festivos locais o xoves de Corpus Christi e máis os días 16 e 17 de xullo, datas nas que tradicionalmente se honra nas festas da vila á Virxe do Carme.

“ES DE BIEN NACIDOS SER AGRADECIDOS”. OS EFECTOS DA REPRESIÓN FRANQUISTA: ENTRE A EXCLUSIÓN E AS POSIBILIDADES DE ASCENSO SOCIAL

Como xa quedou explicado, tanto a participación activa na represión como a moito máis xenérica adhesión á sublevación militar e ó réxime saído desta, foron abrindo en toda España, en especial segundo se ía institucionalizando este, múltiples posibilidades

26 Carta (cifrada en Arzúa 3/5/1931) de Ramón Raposo e Carmen Lamas Rey á súa filla Ascensión Raposo Lamas (Sor María Teresa Raposo Lamas). Fondo documental familia Raposo - Lamas.

27 Carta (cifrada en Viso del Marqués - Ciudad Real - 7/6/1931) de Sor María Teresa Raposo Lamas a Ramón Raposo Rivadulla e Carmen Lamas Rey. Fondo documental familia Raposo - Lamas.

28 Entrevista a X, Arzúa, 12/2/2005.

de ascenso social (enriquecemento material nas redes do mercado negro, acceso a postos vacantes na administración do Estado ou dos concellos...).²⁹ Para o caso de Arzúa, existen evidencias documentais que permiten seguir varias situacións deste tipo, vencelladas tanto a manifestacións de represión física (paralegal ou institucionalizada) como económica e, sobre todo, administrativa. Poñerei maior énfase sobre as consecuencias desta derradeira modalidade represiva.

Entre os sectores socioprofesionais máis afectados pola represión en Arzúa estiveron os funcionarios, tanto os do concello – e aquelas persoas que rexían algún tipo de monopolio municipal (como a centraliña telefónica) – como os dos diferentes servizos do Estado (por exemplo os correos e telégrafos). Entre os funcionarios municipais destituídos atopamos ós Oficiais 1º e 2º do concello, Alfonso Núñez López e José Parrado Vázquez, ó veterinario municipal Vicente Artagoitia Moreno, acusado de “afecto ó socialismo” e ó practicante municipal Juan Trillo Caamaño. As vacantes deixadas na administración municipal non permaneceron moito tempo sen cubrir. Entre os beneficiarios directos da represión administrativa destacou moi cedo, Juan Raposo Lamas, popularmente coñecido como Juanito Raposo, quen amosou unha grande habilidade na arte de rendabilizar tanto o seu manifesto apoio ás novas autoridades como a súa condición de “camisa vieja” en Arzúa, onde tería sido xefe das milicias de Falange. Fora el mesmo quen dera pé ó procedemento xudicial contra o alcalde Juan Manuel Vidal coa presentación dunha denuncia ante o xuíz de instrución municipal o 2/8/1936.

Juan Raposo foi nomeado polo Delegado civil de Arzúa tralo golpe de Estado, Jesús Souto Vilas, para o posto de Oficial 1º interino do concello en 6/8/1936. Ó longo do mes de agosto (29/8/1936) o Goberno civil nomeou para o devandito cargo, con carácter definitivo, a Emilio Amaral Estévez (do que descoñecemos os seus datos persoais). Isto levou a Juanito Raposo a aceptar unha rebaixa nas súas pretensións e a optar ó posto de Oficial 2º de secretaria, que tamén quedara vacante. A súa campaña foi intensa. Non se limitou a enviar unha solicitude neste sentido ó Gobernador civil da Coruña, senón que tamén o fixeron no seu favor o Delegado civil de Arzúa (2/9/1936), o xefe local de Falange, Francisco Rilo Rey (15/9/1936) e máis o Delegado de Orde Pública de Santiago de Compostela (19/9/1936). As diferentes cartas de recomendación contiñan declaracións como as que seguen:

CERTIFICO. Que D. Juan Raposo Lamas, mayor de edad, casado, Curial, natural y vecino de esta Villa, figura en la lista de afiliados o libro registro de socios (de FE y de las JONS), con el Núm. 4; estando desempeñando actualmente el cargo de Jefe de Falange e instructor de milicias, por su aptitud y conducta intachable...

29 Para o caso de Arzúa, D. Lanero, op.cit, pp. 161 - 163. Nunha recente investigación A. Cabana Iglesia denomina este tipo de actitudes, inseridas no marco das formas de adaptación ó franquismo no mundo rural galego como “colaboración - conveniencia”. Ver: A. Cabana, *Entre a resistencia e a adaptación. A sociedade rural galega no franquismo (1936 - 1960)*, tese de doutoramento inédita, Santiago, 2006.

ou

... procede el nombramiento de dicho sujeto para el citado cargo que se halla vacante, ya que en el propuesto concurren las más favorables circunstancias para el desempeño del mismo (...) es afecto en todo a nuestra causa y desempeña la Jefatura de Falange de aquella Villa.³⁰

Finalmente, o 24/9/1936 as solicitudes ó Gobernador civil surtían o seu efecto e Juan Raposo Lamas era nomeado Oficial 2º do concello. Nembargantes, a súa carreira en Arzúa non fixera máis que comezar, pois o noso home permaneceu no cargo só un mes. En 26/10/1936, a recién constituída “comisión gestora” aceptaba a súa solicitude de que, ante a súa inminente mobilización a filas, se lle seguise pagando a metade do que viña cobrando como Oficial, e na sesión do pleno do concello de 21/8/1937 presentaba unha instancia na que pedía á xestora municipal que esa cantidade que aínda se lle pagaba, o 50% do seu salario, lle fora satisfeita á súa esposa. Este trato de favor viuse complementado con outros nomeamentos. Así, o concello, na sesión de 23/2/1937 ratificaba o seu nomeamento como encargado de tallar ós mozos arzuáns que marchaban para a fronte. Por esta actividade recibía unha gratificación de 10 pts á que habería que sumar as dietas que percibía polas viaxes á Coruña para presentar ós mozos na Caixa de recluta.³¹

A carreira política de Juan Raposo culminou cando na década de 1940 chegou por dúas veces á alcaldía, en concreto en 1941 - 42 e despois por uns meses en 1944.

Nos primeiros meses despois do “alzamiento” tamén tiveron lugar outra serie de nomeamentos no concello. Celestino Costoya Martínez, propietario da vila de 62 anos, era designado depositario - recadador municipal o 7/10/1936. As dificultades para cobrar pola vía de apremio as cotas pendentes do repartimento xeral de 1931-35, levaron ó novo recadador non só a solicitar ó Goberno civil unha licenza de armas e pedir o auxilio da Garda civil, senón mesmo a demandar do concello a contratación dun axente executivo, cargo para o que propuxo a un veciño de Curtis, José M^a García Rodríguez. Pero os novos funcionarios municipais non deberon conservar o seu cargo por moito tempo, alomenos Celestino Costoya, quen tamén foi vítima da represión administrativa. Un oficio do Gobernador civil de 19/7/1936 sancionaba a súa suspensión do cargo por “desafecto ó Glorioso Movimiento Nacional”, dando paso a tramitación polo concello dun expediente de substitución. O seu lugar era ocupado provisoriamente por un destacado membro da Falange local, o concelleiro Luis Varela Ramos.

Tamén se produciron en Arzúa destitucións no servizo de correos. Poucos días despois do “triumfo” da sublevación militar (8/8/1936) era apartado do seu cargo o Oficial de

30 Ámbolos dous documentos proceden de ARG. Fondo Goberno civil de A Coruña. Expedientes de Destitucións e Suspensións do persoal ó servizo da Administración local (1936-1937). Legaxo G - 2934.

31 Libro de actas de sesións do concello (do 26/10/1935 ó 6/2/1938), en concreto, nas sesións con data: 26/10/1936; 2/2/1937 e 21/8/1937, en AMA. Caixa 8. Goberno - Concello, Pleno. Libros de actas capitulares ou do pleno (1931-1952).

Telégrafos Ricardo Cob Laguardia, de quen era publicamente coñecida a súa militancia comunista e que, ademais, segundo as novas autoridades, tratara de dificultar dende o seu posto de traballo a difusión das consignas militares e das transmisións telegráficas emitidas polos rebeldes. Xunto a el padeceu os rigores da represión administrativa Manuel Mariño López, carteiro rural da parroquia de Boente. O 25/8/1936 o Delegado civil de Arzúa, Jesús Souto Vilas, propuña ó Gobernador civil a súa destitución e o nomeamento para o posto do veciño Daniel Mariño Frade. Aínda que a fonte oral confirma o extremo desta destitución, o que realmente aconteceu non está moi claro. A comezos de novembro de 1936 o novo Delegado civil de Arzúa, o rexistrador da propiedade Francisco Trillo Castiñeiras, solicitaba ó subdelegado civil (equivalente a concelleiro) da parroquia de Boente, o mestre nacional Antonio Mouriño Barbeito, un informe acerca do carteiro rural Manuel Mariño López. Os contidos do informe suxiren que o carteiro tiña contactos ou amigos influíntes na súa parroquia e fannos dubidar sobre o resultado final do proceso de destitución (do que non tivemos máis referencias):

... de los datos e informes obtenidos por esta alcaldía referentes al cartero de Boente Manuel Mariño López resulta que dicho señor no militaba ni ha pertenecido a ninguno de los partidos del Frente Popular vencido, aunque por el contrario se ha manifestado por las derechas y a favor del actual Movimiento salvador de España, es de excelente conducta moral sin que por ningún concepto pueda tachársele de indeseable, gozando de buen concepto público, así que a esta alcaldía no le consta nada en contrario.³²

O derradeiro caso de represión asociado ó concello que trataremos é o do peón camiñeiro da Ponte San Xusto. Neste caso, as consecuencias foron aínda máis graves que as derivadas da represión administrativa, pois o cadáver do peón foi atopado nos días finais de setembro nas proximidades de Santiago, onde foi paseado. É moi posible que a identidade deste peón camiñeiro coincida coa do albanel arzuán Joaquín Castro Cendón, máis coñecido polo alcume de “Levinca - Lavincha”, que se ben non tiña militancia política expresa, semella que colaborara nas tarefas de propaganda da candidatura frontepopulista para as eleccións de febreiro de 1936. A morte de “Levinca” abriu unha posibilidade de mellora económica –por pequena que poida esta parecer– para un labrego da parroquia de Campo, José Seoane López (31), quen figuraba ó tempo como subdelegado civil (concelleiro) pola súa parroquia xa dende a constitución do primeiro “consejo municipal” (logo “comisión gestora”) arzuán posterior ó 18/7/1936. José Seoane debía ser un labrego bastante modesto, pois non aparece nos listados de contribuíntes por rústica da súa parroquia nin en 1931 nin en 1936.

32 A destitución en dous Oficios consecutivos (8/8/1936) destinados ó Gobernador civil da Coruña e ó interesado. A proposta de destitución de Manuel Mariño López e de substitución por Daniel Mariño Frade, tamén en outros dous Oficios consecutivos (25/8/1936) enviados ó Gobernador civil da Coruña. O informe de Antonio Mouriño Barbeito sobre o carteiro rural Manuel Mariño López aparece parcialmente recollido en Oficio (14/11/1936). Todas as comunicacións en AMA, Caixa 47. Escribanía - Secretaría - Rexistro Xeral. Libros Rexistro de saída de documentos (1935-1942).

Os derradeiros beneficiarios da represión franquista en Arzúa ós que faremos referencia foron os substitutos dos mestres e mestras represaliados no concello. Dende o mes de agosto de 1936 verifícase en toda a provincia coruñesa unha intensa actividade depuradora do maxisterio, na que participaron de xeito coordinado a “Delegación Militar de Instrucción Pública”, o reitor da Universidade de Santiago e máis os inspectores da “Sección administrativa de 1ª Enseñanza” da provincia da Coruña. No concello arzuán algo máis dunha ducia de mestres e mestras foron sancionados con suspensións de emprego e soldo, inhabilitacións ou cesamentos.

Non me interesan aquí tanto os seus perfís como os de aqueles que os substituíron de xeito provisorio ou definitivo. Un destes substitutos foi José Souto Vilas, licenciado en Física e Química e irmán dun dos primeiros Delegados civís nomeados polas autoridades militares, Jesús Souto Vilas. Os Souto Vilas, orixinarios da parroquia de San Estevo de Campo, eran unha saga de mestres nacionais. Respostaban a este perfil profesional o primoxénito, Jesús (38) e a súa esposa Antonia (27), e os irmáns Concepción (31) e Luis (29).³³ José Souto Vilas (34) ocupou interinamente a escola de nenos nº 2 de Arzúa, da que era titular Isaac Álvarez Amor, que fora destituído e cesado con data 15/9/1936, sanción que se lle comunicou o 31/10/1936. Nembargantes, nesta ocasión a rede de relacións do daquela reitor Felipe Gil Casares en Arzúa funcionou de abaixo a arriba acadando a restitución na súa escola de Álvarez Amor o día 14/12/1936. José Souto Vilas viuse entón obrigado a deixar a praza de mestre nacional que ocupara.³⁴

Pola súa parte, María Rilo Costoya, foi designada o 19/9/1936 dende o concello para ocupar o posto do destituído mestre da escola de Arzúa nº 3. María Rilo Costoya (21) era filla do mestre nacional Eugenio Rilo Rey e sobriña do tamén mestre nacional e xefe local de FE y de las JONS en aquela data Francisco Rilo Rey. Precisamente no marco da provisión interina de “Escuelas Nacionales” o alcalde de Arzúa, Francisco Trillo Castiñeiras redactaba a seguinte carta - declaración (21/11/1936):

CERTIFICO: Que la Srta María de las Mercedes Rilo Costoya, Maestra Nacional, vecina de esta Villa, con residencia habitual en ella pasa de seis meses, es de excelente conducta moral y pública, siendo de ideales religiosos y de Derecha, antes y durante el Movimiento Nacional salvador de España, al que se ha sumado desde el primer momento con todo entusiasmo, afiliándose en la Sección Femenina de FE y de las

33 O máis célebre de todos eles foi Manuel Souto Vilas (1903-1975), quen contaba 32 anos en 1936. Doutor en dereito e filosofía pola Universidade de Madrid, foi catedrático de filosofía na Universidade dos xesuítas en Deusto (Bilbao) e na pública de Bilbao. Foi un dos meirandes teóricos do sindicalismo vertical franquista, ademais dun dos membros fundadores das Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (JONS). Dúas breves notas biográficas dos irmáns José e Manuel Souto Vilas, en A. F. Cascón, *Arzúa na memoria. Espello histórico dunha terra*, A Coruña, 2005, p. 203.

34 A destitución e cesamento de Isaac Álvarez Amor figura no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de A Coruña do 15/9/1936, Biblioteca da Deputación Provincial de A Coruña (BDPC). Os Oficios de comunicación de sanción (31/10/1936) e restitución do mestre nacional da escola nº 2 de nenos de Arzúa (14/12/1936) en AMA, Caixa 47. Escribanía - Secretaría - Rexistro Xeral. Libros Rexistro de saída de documentos (1935-1942).

JONS contribuyendo y sumándose con fervorosa adhesión a todos los actos que como suscripciones para el Ejército y las Milicias Armadas, confección de ropas para los mismos y recaudación del DIA DEL PLATO ÚNICO, han tenido lugar en esta localidad....³⁵

Non foi este o único informe desta natureza elaborado por este efémero alcalde, probablemente como resultado das esixencias da “Sección administrativa de 1ª Enseñanza” da Coruña. Coa mesma data, outra mestra interina, María de los Remedios Taboada Lamas, acadaba unha certificación semellante, que penso paga a pena reproducir:

CERTIFICO: Que la Srta María de los Remedios Taboada Lamas, Maestra Nacional (...) es de excelente conducta moral pública y de ideario tradicionalista, antes y al producirse el Glorioso Movimiento Nacional, al que se ha sumado con entusiasmo contribuyendo y coadyuvando en cuantos actos se han realizado en favor del mismo, en esta localidad, como suscripciones para el Ejército, etc, etc.³⁶

-
- 35 A designación como mestra nacional da escola nacional de Arzúa nº 3 realizouse a través do Oficio (19/9/1936), en en AMA, Caixa 47. Escribanía - Secretaría - Rexistro Xeral. Libros Rexistro de saída de documentos (1935-1942). A carta - declaración (21/11/1936) do alcalde Francisco Trillo Castiñeiras, en AMA. Caixa/ Carpeta 350. Educación escolar de Ensino primario. Expedientes relativos á provisión interina de “Escuelas Nacionales” (1936).
- 36 Carta - declaración (21/11/1936) do alcalde Francisco Trillo Castiñeiras, en AMA. Caixa/ Carpeta 350. Educación escolar de Ensino primario. Expedientes relativos á provisión interina de “Escuelas Nacionales” (1936).